



Ponteceso-Monte Branco-Balarés

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 15 km (circular, completa)
Ponteceso-Balarés: 5 km (lineal)
Dificultade: media
Duración: 4 horas



- 1-Esteiro do Anllóns
- 2-Dunas móbiles de Monte Branco
- 3-A Barra
- 4-Praia de Balarés
- 5-Alto das Travesas (Monte Branco)

Unha ruta moi variada na que se pode ver o esteiro do río Anllóns, dunas fixas e móbiles, cantís, praias... e unha rica flora e fauna, o contraste entre o mar de dentro e o mar de fóra e unha panorámica do conxunto desde o cumo do monte Branco (Alto das Travesas). Recomendable coa marea baixa para poder facer un percorrido máis completo.

COMO CHEGAR:

Sáese da ponte de Ponteceso e crúzase a xunqueira polo Malecón do Couto ata chegar ao pé do Monte Branco, unha vez alí cóllese á esquerda e séguese o camiño. Un pouco antes de chegar á altura da illa dos Cagallóns, pódese coller á dereita e seguir cara a Balarés, pasando entre o monte e as dunas da Barra, ou continuar pola beira para darlle a volta á Barra e recuperar o camiño de Balarés despois de completala.

Despois de visitar a praia de Balarés pódese volver polo mesmo camiño de ida ou subir por un camiño do monte ata o Cruceiro das Travesas e desde alí achegarse ao cumo para gozar dunha fabulosa panorámica do espazo. De volta ao cruceiro facemos unha baixada polo pinal da aba do monte ata retomar o camiño da ida, e por el, pasando de novo polo malecón do Couto



O areal da Barra coa marea baixa.
Ao fondo o Monte Branco coas dunas remontantes.



A boca da ría de Corme e Laxe, no remate do esteiro do Anllóns.
En primeiro plano a illa Tiñosa e ao fondo a punta de Laxe.



Duna móbiles de Monte Branco



Praia e cantís de Balarés. Ao fondo antigo porto de embarque de Wolframio e Titanio e instalacións de tratamento para o traballo do titanio que se extraía das áreas da praia.



Arenaria (*Honkenya peploides*)



Roseira brava
(*Rosa pimpinellifolia*)

Píllara papuda
(*Charadrius alexandrinus*)



Vista desde o cumo das Travesas coa marea baixa (arriba) e coa marea alta (abaixo).

